

Enquisa de poboación activa. Módulo sobre a mocidade no mercado laboral

METODOLOXÍA

1. Introducción

A Enquisa Comunitaria de Forza de Traballo (EFT) é unha enquisa que se realiza de forma coordinada no ámbito de toda a Unión Europea, de acordo co indicado no regulamento 577/98 do Consello relativo á organización dunha enquisa por mostraxe sobre a poboación activa da Comunidade (diario oficial das Comunidades Europeas L-77, do 14 de marzo).

No caso de España, a EFT está incluída na Enquisa de Poboación Activa (EPA). A EPA axustouse a este regulamento a partir do primeiro trimestre de 1999. Neste regulamento indícase que os segundos trimestres de cada ano débese introducir na EFT unha serie de preguntas sobre temas particulares relacionados co mercado laboral, polo que ata 2005 en España realizábase o módulo ad-hoc nestes trimestres, xunto coa EPA.

En 2005 publicouse o regulamento 430/2005 polo que se abría a posibilidade de proporcionar un conxunto de variables chamadas estruturais, para unha submostra anual representativa do conxunto do ano. Neste caso, a recollida da información correspondente aos módulos debería facerse, xunto coas variables de submostra, durante todo o ano e para unha sexta parte da mostra.

Por iso, en España, a partir de 2006, o cuestionario do módulo pregúntase ao longo de todo o ano, nas sextas entrevistas que é onde se recolle a información das variables da submostra.

En 2016 o tema investigado é o dos mozos no mercado laboral, de acordo co indicado no Regulamento de Implementación 2015/459 do 19 de marzo de 2015 da Comisión Europea.

Os principais obxectivos deste módulo son:

- Obter un conxunto completo de datos sobre os mozos e mozas e a súa transición cara ao mercado laboral.
- Obter información acerca do grao de adecuación entre a formación recibida e o emprego.
- Mellorar o coñecemento das condicións de vida e actitudes da poboación xuvenil.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

As preguntas van dirixidas a todas as persoas de 16 a 34 anos.

3. Deseño da enquisa

O deseño mostral do módulo sobre a mocidade no mercado laboral coincide co da EPA, ao realizarse de forma conxunta, para un sexto da mostra trimestral, ao longo de todo o ano.

A EPA é unha enquisa por mostraxe, continua e de periodicidade trimestral que abrangue todo o territorio nacional. Está dirixida á poboación que reside en vivendas familiares principais, é dicir, as vivendas utilizadas todo ou a maior parte do ano como vivenda habitual e permanente. Non interveñen na enquisa nin os fogares colectivos (hospitais, residencias, cuarteis, conventos, ...) nin as vivendas secundarias ou de temporada.

Realízase unha mostraxe bietápica estratificada, onde as seccións censuais son as unidades de primeira etapa e as vivendas familiares as de segunda etapa. Enquísanse a toadas as persoas que residen nas vivendas seleccionadas.

A mostra distribúese no espazo seguindo unha afixación de compromiso entre a proporcional e a uniforme. Distribúese á vez uniformemente ao longo das trece semanas que constitúen cada trimestre.

A mostra de seccións está dividida en 6 submostras, chamadas quendas de rotación e cada trimestre substitúense as vivendas dunha quenda de rotación; deste xeito, cada familia é entrevistada durante seis trimestres consecutivos e é substituída por outra familia da mesma sección ao final dos seis trimestres.

O traballo de campo realizouse entre o 11 de xaneiro de 2016 e o 7 de xaneiro de 2017, que corresponde ao período de referencia do 4 de xaneiro de 2016 e ao 31 de decembro de 2016.